

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DE MUROS O 28 DE MARZO DE 2018**

Convocatoria: Primeira

Carácter: Ordinario

Hora de comezo: 20.30 h

Hora de remate: 22.00 h

Asisten:

Alcaldesa: Da. M<sup>a</sup> Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Ausente: Da. Paula Simil Mayo (BNG)

Secretaría en acumulación: Rosa Ana García Fernández

Aberto o acto pola Sra. alcaldesa, pásase ao exame dos asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**A) PARTE RESOLUTIVA**

1. Aprobación *ope legis* dos borradores/minutas das sesións que deseguido se detallan, no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986):

a) Minuta/Borrador da sesión celebrada o 22 de febreiro de 2018: N° 2/2018.

Por erro na acta da sesión anterior, no punto 5, faise constar a intervención de Da. Caridad González como “voceira do BNG” no lugar de “voceira do PSOE” como é o correcto.

Con esta corrección, a acta da sesión anterior queda aprobada, coa abstención por ausencia na sesión anterior de Da. Alianza Uhía Patiño, e os votos a favor do resto de concelleiros/as presentes.

## **DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTE E XUVENTUDE**

### 2. APOIO Á SOLICITUDE DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CICLO SUPERIOR DE ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS NO IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA.

-

A Sra. alcaldesa explica brevemente o contido da proposta, ditaminada favorablemente na Comisión informativa correspondente, manifestando que foi presentada por unha petición ao respecto da Dirección do Instituto.

Explica que “as persoas que obteñan este título poderán traballar en múltiples actividades como animadores/as, monitores/as, coordinadores/as, etc. e é algo moi necesario nesta comarca pois ás veces cando se fai unha selección para monitores/as de tempo libre hai escaseza de persoas que acudan a eses procesos. Muros e Porto do Son non contan con ningún ciclo superior e a el pódese acceder dende bacharelato.”

Inicia o debate a voceira do g.m. PP, Da. Inés Monteagudo: “Traemos unha emenda de adición (distribúe copias), a alcaldesa vai ao despiste e sobre todo despois de *reprochanos* que non quixeramos tratar este punto no Pleno anterior e xa lle dixemos que foi para estudalo debidamente. Na Comisión informativa viña unha proposta que despois se completou e o que lle interesa ao centro son as instalacións deportivas. Vostede di que poñemos trabas a todo e non é así porque pleno tras pleno vemos que as propostas do seu grupo teñen que completarse como neste caso. Póñanse a traballar. Chama a atención que a proposta non teña sido tratada no Consello escolar municipal e seguramente é porque vostede non o convoca. Cremos que falta concreción sobre a distribución do uso das instalacións deportivas, nós indagamos e o instituto dinos que o uso da piscina suporá un 10% das horas para o total do ciclo, 3h/semana máis ou menos e seguramente nun tempo concreto. Poderíase compatibilizarse co uso actual da piscina. A petición da directiva vén ben fundamentada pero dende o punto de vista do traballo só se refire a asociacións, que non son a empresas e non se refire á posible inmersión no mercado de traballo. Non achega estudo de mercado nin enquisa entre o alumnado para ver se hai demanda para este ciclo e como demandantes de emprego hai xente con este ciclo. Entre os estudos que se ofertan (páxina da Consellería de Educación) este ten unha ocupación moi baixa e a maioría das persoas que o fan seguen a estudar e pode ser porque non encontren traballo. A ampliación da oferta educativa neste Concello é importante pero debe de estudarse o mercado de traballo, valorarse as posibilidades de traballo, ofertas formativas, etc.

Deben de seguirse as canles e procedementos adecuados e non está ben que isto se traia aquí sen notificar ao Consello escolar municipal e á Consellería de Educación. Sendo conscientes de que a proposta que se trae ao Pleno non é determinante para conseguilo, propoñemos completala con esta emenda (procede a súa lectura).

Seguidamente intervén Da. Caridad González, voceira do g. m. do PSOE: “Estamos de acordo con todo o que se amplíe e todo o que se faga en materia de educación no Concello. No obstante cremos que a proposta que se trae a Pleno é un *bluf xa que di para o caso de que...en la medida de lo posible....por si... por si...por si...*, isto non vale para nada e úsao para encher os puntos da orde do día. É unha cousa seria e debe facerse a proposta debidamente.”

O portavoz do g. m. do BNG manifesta na súa quenda: “Tráese unha proposta que nos fai o instituto e o que nos queda é apoiala considerando que fan as propostas sabendo o que fan, saben das necesidades do estudantado e non teño problema en engadir emendas pero deixando claro que o que se apoia é a proposta do instituto. Temos infraestruturas infrautilizadas e podería darse utilidade, incluso unificar a educación nos institutos e levar alí educación profesional, facendo un instituto parecido á laboral. Isto vai máis alá ca a proposta e búscase que se afinquen aquí os mozos e evitar o desarraigo.”

Volve a intervir a voceira do PP: “Entendemos tamén que a planificación educativa debe de facela quen sabe algo dela e temos que apoiar as propostas que se fagan para mellorar. Se se apoia a emenda o goberno comprométese nalgo máis neste tema.”

A voceira do g. m. do PSOE manifesta: “Estamos polo labor de que se amplíe a oferta educativa neste concello e apoiamos a proposta de Alcaldía e a emenda do grupo popular, pero seguimos a dicir que isto é un *bluf* e veremos como se recolle na acta e se serve para algo.”

A continuación intervén a Sra. alcaldesa: “Respecto ao que di o PP sobre que engadimos o de uso da piscina municipal, non é así porque se comentou na Comisión informativa. A proposta de Alcaldía está asinada antes da Comisión e xa dixemos nela que houbo un erro e enviúselles a proposta anterior e na comisión déuselles a correcta. En canto á emenda que propón, hai un tema importante que é que non podemos comprometernos (4º apartado) cando hai unha limitación por parte do goberno central para contratar persoal. Non podemos comprometernos a algo que non se pode cumprir. Mantemos a proposta de alcaldía porque está así consensuada co equipo directivo do instituto. Cando se organice o curso en setembro e en función de que o concedan ou non e do número de alumnos/as, clases e profesorado, a piscina pode ser precisa un ou dous días á semana e iso hai que coordinalo e por iso digo na proposta na medida do posible.

Proponse este ciclo despois de ver as necesidades e demandas da comarca e son importantes as instalacións para a parte práctica. Outras especialidades requiren instalacións de moito máis custo porque non as hai. Poden contar coas instalacións municipais e evitar outras inversións pola Xunta. Outras veces denegáronlles ciclos e por iso buscaron tamén o que máis facilmente podería ser concedido.”

Ante a solicitude de votar a emenda a Sra. alcaldesa pide informe da secretaria que manifesta que no contido da emenda hai apartados que engaden asuntos que non formaban parte da proposta inicial e que non están informados pola comisión correspondente polo que debe considerarse como algo que non forma parte da orde do día e polo tanto non pode tratarse sen máis, podendo proporse como rogo ou moción. Non se emenda a proposta senón que se amplía o solicitado nela con cuestións non directamente vinculados a esta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade dos doce membros presentes dos trece que de dereito o forman, acorda dar a súa aprobación á Proposta de Alcaldía neste punto:

*“A Directora do IES Plurilingüe Fontexería , M<sup>a</sup> José Lago Fiúza, presentou 5/12/2017 un escrito con rexistro de entrada n<sup>o</sup> 7287, no que solicita que o Pleno da Corporación mostre a súa disposición favorable e de apoio á solicitude de ampliación da oferta educativa que se imparte neste centro coa posta en funcionamento dun ciclo superior de animación de actividades físicas e deportivas. Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, logo de ditame da Comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:*

*Apoiar a solicitude do IES Fontexería na que demanda un Ciclo superior de animación de actividades físicas e deportivas, e en caso de que esta sexa concedida, facilitar na medida do posible, a utilización das instalación municipais, especialmente a piscina municipal.”*

## **DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E SANIDADE**

### **3. PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

A Sra. alcaldesa dá lectura á proposta neste punto, ditaminada favorablemente na Comisión informativa correspondente, manifestando a continuación: “...hai 92 concellos galegos e tres das Deputacións e tráíoa coa idea de contribuír a que a diferenza entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos sexa menor”.

Ábrese o debate coa intervención da voceira do g.m. PP, a Sra. Monteagudo: “Trouxo ao Pleno pasado unha proposta que pretendía aprobar sen ningún informe. Non nos envía os estatutos coa documentación, nin informes e tivo que dar a documentación en man na comisión porque non a enviaron coa convocatoria. A súa desidia chega ata o punto de non documentar as súas propostas en temas que podíamos apoiar.”

Intervén seguidamente a voceira do PSOE, a Sra. González: “Tamén dixemos que non había informes nin documentación adecuada para saber de que ía isto. Levan máis de tres anos falando de transparencia e non é así. O problema máis grave que vemos nisto é que vostede di na súa proposta que se compromete a crear unha partida e na documentación que nos envía chega un decreto de prórroga para 2018 do orzamento. Outra mentira. Onde vai crear unha partida se non ten Orzamento? É inviable. Imos apoiar un compromiso de colaboración e non

imos ter partida para facelo efectivo. Non imos apoiar esta proposta porque non hai partida e ademais comunica que vai prorrogar o orzamento. Saen programas que esixen que haxa orzamentos e pasan de largo porque vostedes non saben facer o orzamento, como o concelleiro de Facenda non sabe facer un orzamento. Cando tiñamos interventora vostede deulle permiso para traballar desde casa e imos ver pasar 4 anos de subvencións por diante por non ter feito o orzamento.”

É a quenda do voceiro do BNG: “Celebramos que se traian este tipo de propostas de cooperación internacional e consideramos non só necesario que este Concello se sume ao Fondo Galego de Cooperación senón tamén que non se deixe de apoiar outras iniciativas que se apoiaban dende o Concello, por exemplo SOGAPS e instamos ao concelleiro de Facenda a que nos orzamentos o 0,7% sexa unha meta a alcanzar.”

A Sra. alcaldesa manifesta: “Respecto ao que dixo a voceira do PP sobre a ausencia de informes no outro Pleno, non é así xa que os informes estaban xa nese momento pero non se puido celebrar a comisión por falta de quorum, non apareceron, e despois no Pleno non quixeron tratar os asuntos. Di Da. Caridad, continúa, que non apoia a proposta porque non hai partida. Non é problema porque podemos crear crédito e pode sacarse da asignación a grupos políticos. Son 730€/ano e así solucionaríase o problema. É posible crear partida sempre que o Pleno queira, e non o apoie se non quere pero non busque desculpas.”

Advirte a Sra. alcaldesa, dúas veces, á voceira do g.m. PSOE de que non a interrompa.

Sometido o asunto a votación, o Pleno cos votos a favor de: CxG (3), PP (4) e BNG (1) e a abstención do g.m. do PSOE (4), e polo tanto coa maioría absoluta requirida, acorda aprobar a proposta de Alcaldía neste punto:

- *Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE e aceptar os seus estatutos e declaración programática.*
- *Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola asemblea xeral de socios.*
- *Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.*
- *Facultar á Sra. alcaldesa para que designe un/ha representante político/a e un/ha técnico/a do concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.*
- *Notificar este acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade*

## **DA COMISIÓN DE URBANISMO, OBRAS SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE**

### **4. RATIFICACIÓN DO DECRETO N° 2018-0133 DE PARTICIPACION NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS+2018).**

A alcaldesa explica que a Deputación provincial fixo un requirimento polo cal foi preciso modificar o acordo plenario engadindo os grupos de función que faltaban nel e que se fixo por decreto.

A voceira do g.m. do PP inicia o debate: “Falouse de Muros na Deputación e ampliouse o prazo de xustificación do PAM 2016 ata o 30.6.2018, a ver se así o fan. Gustaríanos preguntarlle sobre os requirimentos do Cine París.”

A voceira do g.m. PSOE, intervén seguidamente: “Votamos de menos o requirimento da Deputación e efectivamente é fácil que saia Muros porque como non solicita nada, na Coruña non dan crédito e a Sra. alcaldesa dirá que son créditos a custo cero e non os pide e por iso saímos sempre nas preguntas da Deputación. Muros non pide, hai que ampliar prazo, etc. e hai que agradecer ao grupo de goberno da Deputación que mire por nós.”

O voceiro do BNG intervén: “Pídvos que teñades todo listo para que no momento de poder iniciar as obras, a parte do Concello estea lista.”

A alcaldesa manifesta: “A voceira do PSOE como sempre, trata de confundir porque non deixamos nunca de pedir POS. O PAI é algo distinto do POS, non pedimos un préstamo porque consideramos que non era conveniente facelo e non podíamos tampouco. Se falan na Deputación de Muros será por moitas cousas pero non por tratar de levar alí un POS sen aprobación do Pleno como fixo vostede cando era alcaldesa.”

Sometido o asunto a votación, o decreto de Alcaldía 2018-0113, queda ratificado polos votos a favor dos integrantes dos grupos de CxG (3), PP (4) e BNG (1) e a abstención dos integrantes do g.m. PSOE (4).

## **B) PARTE DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

5. Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da N° 108/2018 do 01/02/2018 á 257/2018 do 28/02/2018 (incluídas). E das Xuntas de Goberno Local n° 2 de 02/02/2018, n° 3 de 09/02/2018 e n° 4 de 02/03/2018.

O Pleno queda coñecedor.

6. Dar conta da rendición de contas ao Estado da execución presupostaria do 4º trimestre de 2017

O Pleno queda coñecedor.

#### 7. Dar conta do marco presupostario a medio prazo 2019-2021

O Pleno queda coñecedor.

#### 8. Dar conta do envío ao Estado do presuposto prorrogado para o ano 2018

O Pleno queda coñecedor.

#### 9. Mocións.

Non se presentan.

#### 10. Rogos e Preguntas

Da. Inés Monteagudo:

“Rogámoslle, en primeiro lugar, que nos conteste á pregunta de que foi o que requiriron da Deputación en relación co cine París.

Rogámoslle que nos remitan as relacións de facturas que pedimos no Pleno pasado, que dixo que ía enviar e non enviou (as 68 e 70 do ano 2017).

Rogámoslle que nos explique por que non puido consensuar a data de celebración deste Pleno, pedímoslle no pleno pasado que a cambiaran posto que coincidía en xoves santo, dixo que se podía se consensuaría, e dado que polo menos a nós nada nos comentou sobre a data, queremos saber cal foi a causa que llo impediu. Ou que nos explique que entende vostede por "consenso", porque algo falla en canto vostede alude a este termo.

Xa está feito ese último trámite que faltaba para empezar a obra do camiño de Torea? A veciñanza está impaciente, e os prazos van estar apurados. Tamén nos gustaría saber cando teñen pensado empezar a obra da Ribeira do Maio e a mellora do cemiterio da Atalaia.

En relación coa resolución do contrato para mellora da rede de saneamento (PMA 2016) do que falamos antes, sería bo que explicara por que pasaron 8 meses desde que se asinou o contrato ata que o declararon resolto. Na XG na que adoptan este acordo, de febreiro do 2018, fálase de que se asina o contrato en xuño do 2017 e que posteriormente, sen especificar cando, a empresa solicitou a resolución do contrato. Este é o motivo do retraso? E por iso tivemos que falar de Muros na Deputación, porque non dá tempo de xustificar esta obra?

Felicitámonos de que por fin atenderan a solicitude reiterada deste grupo de cambiar a iluminación da avenida de Castelao a través do fondo de compensación ambiental, pedímosllo en varios plenos. E gustaríanos que nos explicara en que consiste a subvención que piden para actuación de protección do hábitat na zona do lago de Louro.

Chámanos bastante a atención que as medidas que o Concello pon en marcha para facilitar a empregabilidade da veciñanza de Muros sexa cederlle un local gratuitamente a unha empresa de traballo temporal. Nós estamos a favor de facilitarlle á nosa veciñanza todas as vías legais posibles para acceder ao emprego, pero cuestionamos este proceder, que nos parece, cando menos, irregular. Hai algún informe de Secretaría para esa cesión? A outros colectivos que non teñen ánimo de lucro e que son de Muros tramitóuselles un expediente administrativo, haino neste caso? Gustaríanos que nos contestara especificamente a isto.

Teñen previsto realizar algunha actuación en prevencións incendios forestais, dentro das limitacións que ten o Concello? Limpeza das parcelas do Concello no parque empresarial, franxas seguridade, bandos, avisos, etc.?

Fixeron algunha actuación no acceso a Portugalete? Díxonos que enviara a policía, pero como alí non se fixo nada, queremos que nos diga cal foi a conclusión dese informe.

Avanzaron algo para a ampliación da parada de bus na avenida Castelao, fronte ao quiosco de Roque?

Teñen prevista algunha actuación de recuperación no lavadoiro recentemente desenterrado detrás do pavillón de Esteiro?

Quen imparte as clases de perfeccionamento no manexo de móbiles anunciadas o pasado 21 de marzo en *El Correo Gallego*?

En canto ao bar de San Francisco, estaba previsto que o contrato durase seis meses, que se poderían prorrogar. Fíxose esa prórroga? Non vimos ningunha documentación ao respecto, e vostede afirmou neste Pleno que a prórroga se faría por Decreto. Se non se fixo, vai estar o bar pechado no verán?

Hai moitos, moitísimos, camiños no concello que están nun estado desastroso, en Tal, Esteiro, Abelleira, Louro, Muros... Teñen previsto poñer en marcha algún plan de mellora de camiños? Algúns foron incluídos no complementario do POS, ao respecto do resto supoñemos que non farían nada, pero preguntamos igual.

Fíxose algunha actuación para Semana Santa a maiores de *valdear* o Curro da Praza? Noutros concellos organizáronse actividades para estes días, pero aquí, aparte das celebracións relixiosas, non hai nada máis. Vaise facer algo para mellorar aparcamentos nas zonas de praia no verán?

E por último un rogo: sería bo para todos que tratasen de coordinar as actividades que está previsto realizar por diversos colectivos e comisións no verán, para que non se solapen unhas a outras, todos e todas poidamos gozar delas e non exista trato discriminatorio por parte do concello entre unhas e outras. Rogámoslle que valore esta cuestión porque vai ocasionar problemas.



A Sra. alcaldesa responde que respecto ao requirimento do Cine París, intervirá Quintela. Este manifesta: “Eran unas discrepancias entre os técnicos da Deputación e os redactores sobre a inclusión dos custos indirectos e ao final resolveuse.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Recordaremos que se envíen as facturas pedidas no Pleno pasado.

En canto a consensuar este Pleno, estando previsto que se a sesión cae en festivo pasase a día inmediato hábil anterior o posterior, pareceunos mellor facelo este mércores.

A obra de Torea e a de Atalaia está só pendentes de asinar o contrato.

Ribeira de Maio está en exposición pública a licitación.

Plan de medio ambiente, pasou tempo porque a resolución era un problema e intentouse que a empresa a fixera e queríamos chegar a un acordo.”

En canto á actuación no lago de Louro, o Sr. Quintela explica: “Trátase dunha pasarela de madeira na entrada. Non foi concedida outra vez e volve a intentarse este ano.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Respecto ao local para ETT que chegou unha solicitude a Emprego para que puideran traer aquí os currículos e deixóuselles un despacho na Casa do Concello.”

Respecto á prevención de incendios, o Sr. Quintela explica: “Faranse os traballos anuais de programación do GES e limpeza de camiños de titularidade municipal.”

Continúa a Sra. alcaldesa: “Hai un funcionario encargado de medir as distancias entre casas e as árbores. Respecto ao de Portugalete avisaremos, a Parada de bus estase preparando porque a carga de traballo desta tempada impediu a urbanismo traballar niso.

A recuperación do lavadoiro de Maio, fíxoo a veciñanza que pediu colaboración, déuselle e non soubemos máis.

Respecto ás clases de móbiles para maiores impárteas unha empresa, non un contratado laboral.

Os pregos do bar de San Francisco están en Secretaría e esperamos que a próxima semana estean listos.

Hai camiños en mal estado e a brigada acometerá os arranxos cando deixe de chover.

Para Semana Santa ademais de limpar todo o casco de Muros colabórase coas actividades de Semana Santa, cos actos relixiosos.

En canto a que o Concello non organiza nada e o fan todo as asociacións, é contradictorio con que haxa coincidencias. Estase a facer actividades dende o Concello que complementan as que fan as asociacións e outras entidades.

Respecto ao aparcamento na zona da praia, farase o que se poida.”

Da. Caridad González:

“Acaba de dicir unha barbaridade que é quitar asignacións aos grupos municipais, ese foi un acordo plenario e sería o Pleno quen o tivera que cambiar. Débenos un ano enteiro pero vostedes cobran todos os meses e total para o que fan. Hai un acordo do Pleno e vostede di isto agora. Vostede vai asfixiar aos grupos municipais o que é unha boa lección de democracia.

Que sabe da subvención de fondos europeos para zonas wifi? Rogámoslles soliciten a subvención.

Dende que vostede non prorrogou o contrato a Espina e Delfín ata que a Mancomunidade de lixo pasou a Carnota, con cargo a que se fixeron as contas con Espina e Delfín? Considera prorrogado o contrato?.

Queremos que a xente saiba que a maior parte dos decretos son de levantamentos de reparos e queremos dicir que fai as cousas mal e por iso non teñen presupostos.

Pedimos no último Pleno que se nos aportasen os reparos pero non chegaron. Rogamos que nos envíen todos os reparos que consten neste Concello dende a súa lexislatura.

Tamén colleron por costume enviarnos os decretos do conselleiro de Facenda sen as copias das facturas que aproba.

O decreto 188/18 fala dun erro e unha prorroga. Avisouse aos licitadores? Publicouse?

Ante a presentación das demandas do social, acorda outorgar poder e como temos documentado que hai demandas do social, cremos que se trata de forma diferente a unhas persoas e a outras (mostra un papel). Vostede mandou a un grupo de traballadores que lle preguntaron por que non cobran o plan de pensións e dilles que: *“cada un pague o seu plan e logo na nómina o Concello pagará o que proceda. Na nómina pelexareime coa Intervención e levantarei reparo, non hai outra solución.”*

Isto non llo mandou a todos e todas as traballadoras. Vai facelo así?”

A Sra. alcaldesa responde:

“Unha vez máis quere confundir. Efectivamente hai bastantes demandas do persoal laboral temporal que leva moitos anos traballando no Concello e que en realidade é indefinido e van ao xulgado porque é o único medio para recoñecerlles iso.

En canto ao plan de pensións, é algo diferente. O Concello pagaba plan de pensións, 18€/mes, a uns/unhas traballadores/as dende 1997. En Intervención dixéronnos que o Concello non

podía ter plans de pensións de particulares co que o que se dixo ao persoal que o viñan cobrando foi que se había maneira legal de seguir pagando seguiría facéndose. Iso foi o que eu dixen.

Tras tres chamadas de atención, por interrupción, á Sra. González, a Sra. alcaldesa ordénalle que abandone o Pleno o que fai xunto co resto de integrantes do g. m. PSOE, sendo as 21.40 h.

Continúa a Sra. alcaldesa: “En canto á asignación dos grupos políticos, que segundo di, asfixiamos, con 700€/ano entre catro grupos pouco inflúe. Deben de aprender a traballar sen tanto diñeiro porque así o viñamos facendo nós dende fai moito tempo.

Imos a solicitar a subvención wifi.

Espina e Delfín segue con contrato prorrogado.

Efectivamente fíxose unha corrección do decreto 188 e avisouse aos licitadores e publicouse no perfil de contratante.”

D. Manuel García (BNG):

“A primavera pasada o goberno municipal sacou a concurso a concesión do bar San Francisco por 6 meses, alegando que non tiñan tempo de preparar ben unhas bases para convocar un concurso cunha concesión a máis anos. Estamos en marzo e polo menos no grupo do BNG non temos ningunha información sobre se está preparado este concurso ou non. Desde o BNG entendemos que xa non hai tempo material para poder convocar o concurso en tempo e forma suficiente para que o futuro concesionario poida adecuar o local para explotalo este verán. Van prorrogar a concesión anterior ou que teñen pensado facer?

Estamos en época de que reaparezan as tan temidas avespa velutinas. No Concello de Santa Comba, publicaron un folleto sobre como montar trampas caseiras para capturalas. No Concello de Carnota, onde goberna o BNG, foron máis alá, prepararon unha charla veciñal cun experto neste tema e repartiron entre a veciñanza que asistiu máis de 100 trampas como esta (mostra unha trampa) que serán colocadas por todas as parroquias do Concello. Ademais o propio Concello colocará outras moitas en lugares e edificios públicos. Cunha inversión inferior a mil euros o Concello de Carnota desenvolveu unha estratexia de información e acción para combater a invasión deste insecto. Que ten deseñado o grupo de goberno para loitar contra esta perigosa lacra?

No Pleno pasado dixéronnos que estaban esperando resposta dunha empresa para dotar de ADSL á parroquia de Torea. Da parroquia de Abelleira, nada de nada. Sabemos que en Carnota, Telefónica está comezando a instalar fibra óptica, polo menos no casco urbano. Aquí xa non pediamos tanto, conformabámonos con que toda veciñanza tivéramos acceso a unha conexión de Internet digna. Teñen algunha solución para o ADSL de Abelleira e Torea?

Respecto doutra cuestión histórica, falamos en repetidas ocasións que non era posible dispoñer dun terreo onde instalar un repetidor de TV en Santa Catalina, pero existía outra solución, elevar máis a actual antena? Por que non se fixo?

Cando se vai aprobar a Relación de Postos de Traballo do persoal do Concello?

No BNG temos un *mantra* ao respecto dos lumes forestais, os lumes apáganse no inverno. Durante este inverno vimos como a Comunidade de Montes de Louro fixo un traballo intenso de limpeza dos seus montes e no mantemento das distancias legais entre as zonas habitadas e as masas forestais. Ten pensado algunha acción o goberno municipal para que este traballo se leve a cabo en todo o municipio?

Fai uns días chegoume un SMS da empresa de traballo temporal Manpower sobre que buscaban currículo para distintos postos de traballo e que podían entregarse no Concello de Muros. Nun principio pensei que se refería a que farían a recollida nalgún local que tivesen alugado. Pero como puidemos comprobar na web do Concello, esta recollida será nun local público e ademais non se levará a cabo nunha data determinada, senón que será continuado no tempo. Como é posible que unha empresa privada poida dispoñer dun espazo público para explotar a súa actividade económica?

Que hai respecto ás obras ilegais levadas a cabo na Illa da Creba?

No apartado de rogos, tralo falecemento o pasado día 10 de marzo de Carlos García Martínez, fundador e director do Museo do Pobo Galego, e asiduo visitante na época estival da nosa localidade desde fai moitos anos, rogamos que se o estiman oportuno, o Concello emita un comunicado de pésame e recoñecemento a toda unha vida de traballo dedicada á conservación e difusión da nosa cultura e llo faga chegar á familia deste ilustre *queredor* da nosa vila.

A Sra. alcaldesa contesta:

“Sobre o de San Francisco xa falamos.

Respecto á velutina, o Concello tamén colocou trampas, unhas con máis éxito ca outras. Atendemos o rogo pero non temos nada previsto, copiaremos de Carnota e distribuiremos trampas entre a poboación.

ADSL en Torea, a empresa que viñera non volveu a dicir nada. Abelleira, hoxe falamos cun outra empresa e están estudando poñer Internet por radio fixa que é algo singular. Se funciona intentaremos estendelo a Torea.

Abelleira, pendente de patrimonio.

A RPT, a empresa está niso, falta a parte de entrevistas co persoal.

Incendios, xa falamos, aparte do traballo das brigadas e GES, hai un funcionario que se dedica en gran parte da súa xornada á prevención de lumes. Outras zonas como o parque empresarial estase estudando.

A ETT en espazo público, estou empezando a preocuparme. Revisarei o asunto e comentareino co servizo de emprego.

Non sabemos nada da obra da Creba.

Asumimos o rogo respecto a D. Carlos García Martínez.

Non existindo máis asuntos que tratar, levántase a sesión. Do tratado nela, Dou fe.

A secretaria.